

## **RESOLUCIÓN DE 12 DE XUÑO DE 2009, DA SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN, POLA QUE SE SUSPENDE A REALIZACIÓN DE DETERMINADOS CURSOS PREVISTOS DENTRO DO PROGRAMA DE ESCOLAS ABERTAS PRESENCIAIS 2009.**

A Resolución do 17 de marzo de 2009, da Secretaría Xeral de Emigración, convocou o Programa de Escolas Abertas presenciais 2009, destinadas aos cidadáns galegos residentes no exterior (DOG Nº 60, do 27 de marzo).

Nesta Resolución, establecíase un prazo de presentación de solicitudes dun mes, contado desde o día seguinte á publicación desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia.

A citada Resolución establece que o número final de prazas de cada obradoiro e o desenvolvemento de cada unha das modalidades establecerase por resolución do Secretario Xeral da Emigración, en función das solicitudes presentadas.

Finalizado este prazo, e ao non reunirse un número suficiente de alumnos, foi necesario abrir un novo prazo de presentación de solicitudes para os cursos programados na cidades de Bos Aires, Montevideo e Caracas.

Finalizado este segundo prazo, non se matricularon un número mínimo de alumnos que permitise o desenvolvemento axeitado dalgún dos cursos convocados e que se sinalan a continuación.

### **De acordo con todo o indicado, RESOLVO,**

Suspender a realización dos cursos seguintes, previstos na Convocatoria do Programa Escolas Abertas presenciais 2009, nas seguintes localidades,

- **Bos Aires (Arxentina)**
  - Formación do voluntariado social
- **Montevideo (Uruguai)**
  - Formación do voluntariado social
  - Gaita tradicional galega
- **Caracas (Venezuela)**
  - Gaita tradicional galega

Contra esta resolución que pon fina a vía administrativa caberá interpoñer potestativamente recurso de reposición ante este órgano no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación, e acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro. Así mesmo, poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso administrativa.

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2009

O Secretaría Xeral da Emigración

J. Santiago Camba Bouzas